

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº79/ Ano: 2023 / 2º xornal Mes de decembro / Estado de Nadal

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Rafael Quintía presentou o libro “Etnomedicina galega”. Investigador etnográfico que podería axudar moito ao estudo da Cultura Popular da Illa de Ons. Páx. 1



Deixounos Manolo López, o do Platuxa. Páx. 1



O patrimonio Inmaterial de Ons en perigo de extinción. Páx. 1



O atopado nas escavacións do Castro dos Mouros en Ons, debería quedar exposto no Centro de visitantes da Illa. Páx. 2



Ons na Memoria. A capela de Canexol vai necesitando un arranxo e poñela en funcionamento. Páx. 3



Parques Nacionais catalogará o seu Patrimonio Cultural? Páx. 3



É necesario programar actividades no Parque Nacional antes do verán e dalas a coñecer. Páx.4



Presentado en Bueu o Documental “A última dorna de Ons. Un cheo histórico. Páx. 5

PRESENTACIÓN DO LIBRO

Martes 28 de novembro
ás 19,30h
Museo de Pontevedra
(Edificio Castelao)



A ETNOMEDICINA GALEGA

ACHEGAS DENDE A ANTROPOLOXÍA

Rafael Quintía Pereira

Intervieñen:

Rafael Quintía, autor da obra
Buenaventura Aparicio, historiador
Valentín G. Bóveda, editor



ETNOMEDICINA GALEGA

O pasado mes de novembro foi presentado en Lalín e Pontevedra o libro que o colaborador de Aunios, Rafael Quintía, profesor de Antropoloxía da UNED de Pontevedra, realizou sobre conxuros, exorcismos, remedios naturais, compoñedores,... Conta Rocío Ramos na Voz de Galicia que: “É un percorrido pola nosa cultura e as prácticas vinculadas a salvagardala da saúde nas que teñen cabida o poder da palabra maxia e a relixión.

Nel recóllense remedios de todo tipo. Contra o mal de aire, o mal de ollo, o mal da paletilla caída e unha infinidade de ritos curativos moitos deles relacionados co poder da auga...”

PATRIMONIO INMATERIAL DE ONS EN PELIGRO DE EXTINCIÓN

Aproveitando a publicación deste libro e tendo en conta que Rafael Quintía é un experto en antropoloxía e que é cofundador e socio da empresa, **Ab Origine**, que é: “Unha empresa que ofrece servizos integrais en antropoloxía, produción e xestión cultural..., onde el traballa como antropólogo profesional.”

Quería volver a recordar a problemática que veño expoñendo dende que Parques sacou as Axudas á Área de Influencia do Parque Nacional, con respecto a varios puntos da convocatoria.

Ons necesita de urxencia un estudio etnográfico-antropolóxico, porque é unha das súas principais peculiaridades dentro da súa importantísima Cultura Popular. Este campo etnográfico está sen investigar por profesionais e de non facelo agora, se é que non está xa perdido, en nada, non quedará ningún veciño/a de Ons que nos poida contar ese mundo máxico que agocha esta comunidade. Parques podería contactar con persoas como Quintía para desenvolver ese traballo e por medio das Axudas, ao que deron en MAL chamar Área de Influencia ... (onde só entran Bueu-Vigo-Vilagarcía e Ribeira) podería subvencionar ese Estudo. Pero, Quintía e a súa empresa, están radicados en Pontevedra polo que, non poden entrar nesas Axudas. Un total despropósito e un contrasentido por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pois se o que se quere conseguir con esas Axudas e potenciar a investigación sobre o Parque Nacional, ao non permitir que persoas especializadas, pero que non están en esa Área decretada, poidan presentar un Proxecto ou contratalos para que o fagan, están a perder un importante potencial de traballo en beneficio do Parque Nacional.

Adeus a Manolo López (O do Platuxa)



Foto arriba: Manolo xunto ao seu cuñado Cesáreo preparando o palangre.

Foto abaixo: Manolo López López, no Platuxa

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/10/Onstopus-10.pdf>





ONS NA MEMORIA

Festa de San Xaquín nos anos 90 s.XX. Ese ano, a anterior Asociación Veciñal “Illa de Ons” e por subscripción de case todos os veciños, levou a cabo a restauración da capela de Canexol, que levaba máis de 60 anos nun estado deplorable. Rematadas as obras antes do verán, trouxo que a Comisión de Festas dese ano decidirá realizar a procesión dende Curro ata a capela e celebrar alí a misa.

Foi a última vez que se realizou esa procesión e a capela abriuse posteriormente en escasas ocasións. Non sabemos en que situación se atopará o seu interior, pero coido que, estando ao seu redor soterrados os antepasados dos veciños, a actual Asociación debería mirar o seu estado e de non ser o adecuado, falar co párroco de Beluso e ver de reparar o que estea en mal estado.

Supoño que, se hai cartos para a capela de Cortegada por parte de Parques, tamén os haberá para a de Ons, sen esquecernos da Deputación que sempre colaborou nestas restauracións.

ONS ARQUEOLÓXICA

O achado en Ons debería quedar en Ons

O Museo de Pontevedra é o máis importante de Galicia, recoñecido polo mundo cultural da comunidade, e un dos máis importantes de España na súa clase. Salvagarda unha boa cantidade heteroxénea de obras que van dende a fotografía ata os mellores fondos arqueolóxicos da provincia, pasando por escultura, cerámica, etnografía, documentos, bibliografía,...

Na parte arqueolóxica, á que nos referimos, ten pezas expostas xurdidas da grande cantidade de escavacións promovidas ao longo da súa historia en toda a provincia de Pontevedra.


Agás algunha exposición arqueolóxica illada que hai nalgunha zona da provincia de Pontevedra (castro de Santa Tegra, Manuel Torres en Marín,...), o normal, penso, é que Patrimonio obrigue a que as pezas atopadas nas diferentes escavacións realizadas na provincia, sexan depositadas no Museo de Pontevedra.

Eu aprobo a idea, sempre e cando, na zona de escavación ou na súa bisbarra, non haxa un lugar adecuado para poñer en valor ese material atopado, expoñéndoo ao público e creando, entre a poboación do lugar, un cariño cara á súa zona, xa que coñecendo a súa historia é o xeito de amala, coidala e conservalo.

Isto vén ao caso do saído á luz no Castro dos Mouros na Illa de Ons. Penso que, se se atopa unha peza ou pezas que son dunha importancia tal que se necesita un lugar adecuado ou máis importante para a súa exposición, que dende logo Patrimonio aprobe o seu traslado, por exemplo, ao Museo de Pontevedra, pero se non é así, coido que, despois dunha exhaustiva catalogación, ese material non pase a engrosar os xa cheos sotos do museo provincial e si queden custodiados para a súa exposición, estudo e investigación, no Centro Interpretación principal de Vigo e, sobre todo, no Centro de Visitantes da Illa onde foron atopados. Esperemos que así suceda!!!

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2023/12/13/parques-solicita-patrimonio-deposito-ons-95760767.html>





Erro na páx. 2 da anterior Onstopus nº 78, sobre os “Lavadoiros de Ons. Onde poñía: “... para a boa vida dos réptiles que alí habitan.” Debería poñer **anfíbios**.

Foto esquerda: Panel do lavadoiro de Pereiró. **Foto dereita:** Píntegas en Ons en novembro 2023.

Fotos: Varu. Camawei

https://www.eldiario.es/sociedad/parques-nacionales-cataloga-patrimonio-cultural-primera-vez-siglo_1_10156446.html

PARQUES NACIONAIS CATALOGARÁ O SEU PATRIMONIO CULTURAL, POR PRIMEIRA VEZ, EN MÁIS DUN SÉCULO.

Interesantísimo este pequeno artigo publicado no <elDiario.es>, por Peio H. Riaño o 27 de abril de 2023. Como levo pedindo eu dende que Ons pasou a formar parte do Parque Nacional Illas Atlánticas, como dende 1998 a Asociación Cultural “PineirÓns”, as illas que forman parte deste Parque, non cabe dúbida que teñen unha importancia natural pero, profundando máis, comprobaremos que a súa importancia socio-histórico-etnográfica, é dicir, Cultural, está á mesma altura, se é que non a supera.

Aí está o fallo: a maioría, por non dicir todos, os profesionais que traballan neste Parque están relacionados co mundo Biolóxico, polo que, dirixen todos os seus esforzos cara a esa temática. É imprescindible que dende a Consellería de Medio Ambiente, se decaten que o valor cultural destas illas é transcendental, polo que se necesita persoal con preparación nese campo, que sexa capaz de buscar investigadores que se preocupen polo estudo dos campos histórico, etnográficos, antropolóxicos, arqueolóxicos, arquitectónicos,..., e sociais e programar todo tipo de estudos, investigacións, programas, proxectos,..., que poñan en valor esas peculiaridades que posúen todas as illas que forman parte deste Parque Nacional.

Cada día que pasa é crucial para que non se perda esta interesante cultura. De non facelo agora, perderase para sempre.



Arriba: Laxe do Crego (Ons).
Abaixo: Capela de Cortegada.

Programación de Nadal
PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS

- 22 DECEMBRO** Obradoiro. Adornos de refugallo
Horario: de 11:30 h a 13:30 h.
- 22 DECEMBRO** Obradoiro. Ciencia e Maxia
Horario: de 17:00 h a 18:30 h.
Con inscrición previa
- 23 DECEMBRO** Obradoiro. Robótica e o mar
Horario: de 11:00 h a 13:00 h.
Con inscrición previa
- 26 DECEMBRO** Xogos de mesa dinamizados
Horario: de 12:00 h a 13:30 h.
- 27 DECEMBRO** Xogo. Detectives da praia
Horario: de 11:30 h a 12:30 h.
- 28 DECEMBRO** Presentación xogo de rol illas das marabillas
Horario: de 10:30 h a 13:30 h.
- 29 DECEMBRO** Obradoiro. Ilumina teu espazo
Horario: de 17:00 h a 18:30 h.
Con inscrición previa
- 30 DECEMBRO** Obradoiro. As cores das illas
Horario: de 11:00 h a 13:00 h.
Con inscrición previa
- 4 XANEIRO** Obradoiro. Doces mariños
Horario: de 11:30 h a 13:00 h.
Con inscrición previa

Máis información e inscricións:

XUNTA DE GALICIA
Rúa Palma 4, 36202 Vigo

VIII XORNADAS DE ESTUDO E INVESTIGACIÓN
DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

13 DE DECEMBRO DE 2023
SEDE DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS, RÚA OLIVA 3 VIGO

ILLA DE CORTEGADA

PARA PARTICIPAR NESTA ACTIVIDADE CUBRA O FORMULARIO DE CONTACTO NA LIGAZÓN www.visitacortegada.com

DATAS DO 15 DE SETEMBRO AO 10 DE DECEMBRO
A ACTIVIDADE É TOTALMENTE GRATUITA E ORIENTADA A TRABALLADORES DO SECTOR SERVIZOS.

EU DIVULGO... ... TI DIVULGAS

a última dorna
de Ons

un documental de Arxo Cabada e Antón Davila

FÓRMATE CO PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

FORMACIÓN E VOLUNTARIADO

XORNADAS FORMATIVAS E DIVULGATIVAS NA ILLA DE CORTEGADA

- 18 DE xOVENBRO** "ESTUDIO E IDENTIFICACIÓN DA FLORA DO PALAIO".
J. Gaspar Benardes Vilagás. Doutor en investigación agraria e forestal.
Hora de embarque: 11:00.
- 19 DE xOVENBRO** "SOAS DAS AVÉS DE CORTEGADA".
Sabe González Lorenzo. Consultora Ambiental e naturalista.
Hora de embarque: 11:00.
- 25 DE xOVENBRO** "ESTUDIO E IDENTIFICACIÓN DA FLORA DO PALAIO".
J. Gaspar Benardes Vilagás. Doutor en investigación agraria e forestal.
Hora de embarque: 11:00.
- 26 DE xOVENBRO** "SOAS DAS AVÉS DE CORTEGADA".
Sabe González Lorenzo. Consultora Ambiental e naturalista.
Hora de embarque: 11:00.

ACTIVIDADES DE BALDE
Prezos limitados: arousacolli@gmail.com

ORGANIZA: AROUSA COLIBÍ

Interesante iniciativa do Parque Nacional que tería que continuar, si cabe con máis intensidade, nos meses de verán nos diferentes Centros de Visitantes das illas que o compoñen. Levamos xa un tempo dicindo que o Parque Nacional ten que ser un espazo **ACTIVO**, con persoal **DINAMIZADOR** que sexa quen de conseguir que os turistas-visitantes que acoden a elas, o fagan na procura dunhas actividades que o Parque diseña, programa e ofrece.

Para iso, ao igual que fixo co programa de Nadal que podemos ollar aquí, habería que ter xa programado no mes de xuño, un bo número de actividades a realizar para os meses de xullo e agosto e ofrecelo na súa páxina web, nos medios de comunicación, nas redes sociais,...., con antelación, para que os posibles visitantes programen a súa visita segundo as súas preferencias e vaian xa solicitando inscrición e buscando praza nas navieiras.

Tamén hai que pensar que, agora falo de Ons, as programacións deberían cubrir todo o día, é dicir, que haxa actividades de mañá, tarde e noite. Para iso, só hai que ter persoal e programar horarios para que ninguén se vexa prexudicado e, sen embargo, Ons (como calquera outra illa, sobre todo Cíes) teñan un proxecto de divulgación e un esquema de traballo que tenda a conseguir que os visitantes vaian a un **PARQUE NACIONAL** con **ACTIVIDADES**, co fin de coñecelo, entreterse aprendendo, participar nas tarefas propostas,...

Non é complicado de facer, sempre e cando haxa ganas e persoal adecuado, que Parques ten ou pode contratar para o verán.

O conseguir un Parque Activo debería ser un obxectivo primordial para a Directora Xeral de Patrimonio Natural e para o Director do Parque que, contando cun bo persoal, como ten, e programándoo con antelación e con diálogo para escoitar a todos e que ninguén se mire afectado por traballo e horarios, se pode levar a cabo e non digamos se á vez contan cos veciños, campamentos, navieiras,...., asociacións e procurando, a nivel económico, a aportación de organismos como Xuventude (campamentos), Cultura (programación cultural), Concello de Bueu, Turismo,...

O conseguilo está nas mans dos XESTORES do PARQUE, non conseguilo sería un enorme fallo de xestión.



Proxección do Documental “A última dorna de Ons” en Bueu



De esquerda a dereita: Anxo Cabada, Cesáreo e Antón Davila.
Foto: Gonzalo Núñez. Faro de Vigo.

Cun cheo absoluto, ao igual que a presentación en Vigo, o documental “A última dorna de Ons” presentouse en Bueu, no auditorio do Centro Social.

O interese que esperta esta Illa, o seu principal protagonista <Cesáreo>, a boa dirección de Anxo Cabada, a magnífica preparación técnica de Antón Davila e o presentar un documental sobre o importantísimo Patrimonio Inmaterial e Material de Ons, fixo de incentivo para que nas dúas emisións o cheo fose total.



Abarrotado o Centro Social del Mar de Bueu na presentación do documental.
Foto: Gonzalo Núñez. Faro de Vigo.

O Patrimonio Etnográfico de Ons está case que perdido pola falla de investigación e a desidia das administracións, tanto autonómicas como municipais. Anos levamos pedindo contactos coa universidade, estudosos, investigadores,..., para que impulsaran proxectos sobre esta materia, pero sempre se fixeron oídos xordos, e esta importantísima Cultura Popular auniense transmitida de pais a fillos durante máis de 150 anos, coa emigración forzosa cara ao continente e a entrada noutra cultura diferente á que viviran, fixo que a pasos de xigante se fose esquecendo ata case perderse. Por iso este pequeno documental, realizado no momento preciso, é un respiro e unha iniciativa interesante para ver se ten continuación con outras características deste significativo Patrimonio inmaterial e material desta Comunidade. En Ons, neste intres, só queda unha dorna e un veciño-mariñeiro que con 81 anos aínda a fai activa. Cesáreo naceu nesta embarcación na que foi aprendendo o oficio. É o único que podía explicarnos, en persoa e de xeito activo a, xa histórica arte da pesca do polbo tradicional, que provocou un significativo cambio económico nesta Comunidade. Fago unha petición para que as administracións impulsen investigación sobre o Patrimonio Inmaterial e Material de Ons.

De non facelo agora, en nada, quedará esquecido para sempre.

Xuntanza de Nadal 2023 dos Camarais de Ons




Primeira parada en Pan con Noah. Comeza a música e bos pinchos.

Segunda parada no Alameda, tamén con boa música.



E xa, na Papadela Oficial, no restaurante Pescador



Terceira parada no Estrella, deleitando con boa música a todos os clientes.



Non faltou a música e o bo humor